

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

*Bases do "Concurso de Comparsas 2018 en Pontedeume" (Martes de Entroido)*

### ANUNCIO

**Bases do "Concurso de Comparsas 2018 en Pontedeume (Martes de Entroido)".**

Por medio do Decreto número 39/2018 de 30/01/2018 aprobáronse as bases do "Concurso de Comparsas 2018 en Pontedeume (Martes de Entroido)", que a continuación se transcriben:

### "BASES QUE REXERÁN A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS 2018 EN PONTEDEUME (MARTES DE ENTROIDO)

1.- O obxecto das presentes bases é regular o concurso de comparsas do Martes de Entroido 2018 que se desenvolve no Concello de Pontedeume.

2.- Para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir (en todos os seus apartados) a solicitude de inscrición e presentala no Departamento de Cultura, sito na **Avda. do Peirao. Edificio de Xulgados. Baixo**, ou no Rexistro do propio Concello.

3.- No momento de formalizar a inscrición presentarase a seguinte documentación:

a) -. Documento no que se indique os instrumentos que acompañan ao grupo, a súa distribución así como a dos participantes no escenario.

b) -. Acta na que se reflicte o nome do representante do grupo ante o Concello de Pontedeume para este concurso.

c) -. Copia do DNI do representante (que coincidirá ca persoa que fai a solicitude de Inscrición).

d) -. CIF da asociación ou entidade, si dispoñen do mesmo.

e) -. Certificación Bancaria, que indique que esa conta pertence a dita comparsa, grupo, entidade, etc, participante no evento.

f) -. Solicitude de abono firmada polo presidente ou representante da entidade, do grupo, para o ingreso do premio na conta bancaria da mencionada entidade, comparsa, grupo etc.

Aqueles grupos que non teñan CIF presentarán:

1º Os apartados a, b do punto 3 destas Bases

2º Copia do DNI de todos os participantes do grupo

3º Certificado de bancaria de cada un dos membros do grupo, onde ingresárase a parte proporcional do premio que lles corresponda.

En caso de ser menor de idade, deberá xuntarse para o cobramento do premio: fotocopia do libro de familia e número de conta do titor legal.

De non presentarse a documentación requirida antes do día 28 de febreiro entenderase que renuncian ao cobramento do premio.

4.- O prazo para a presentación remata o venres 9 de Febreiro de 2018 ás 14:00 horas.

### COMPARSAS:

5.- Entenderase por comparsa un grupo de máscaras de oito ou máis persoas, maiores de 16 anos cumpridos. No caso de comparsas infantís, a agrupación estará formada como mínimo por oito persoas cunha idade máxima de 15 anos.

As comparsas infantis presentarán un representante maior de idade. O incumprimento desta cláusula conleva o non poder optar aos premios do concurso.

6.- As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no vestiario coma na actuación.

7.- Cada comparsa deberá cantar ou recitar no palco, que se instalará para tal fin na Praza Real do Concello, un mínimo de tres cancións. É obrigatorio que a lo menos unha delas sexan con contido e temática de Pontedeume. (Este número poderase variar pola organización por motivos de produción)

8.- Cada comparsa entregará á organización un folleto no que estarán impresas as letras das cancións ou coplas que van cantar ou recitar, que serán inéditas en canto á letra. Así mesmo entregarán entre o público copias das letras de forma gratuíta.

9.- As comparsas para optar aos premios deberán participar en todos aqueles actos que a organización teña programados, e sexa necesaria a súa participación, para este Entroido 2018. Sendo necesaria a súa colaboración no mesmo Martes de Entroido, despois de rematar o concurso, para realizar animación e dinamización nas rúas e para o que serán organizadas por diferentes áreas da vila.

10.- Destinaranse 5.100 € como premio de participación neste evento, que repartiranse de maneira idéntica entre as distintas comparsas que participen no concurso e que reúnan as condicións e requisitos esixidos nestas bases. O resultado deste reparto terá unha cuantía máxima de 700 € para cada unha. Todos aqueles premios cunha cuantía superior a 300 € levarán unha retención do 19%.

11.- O abono dos premios de participación desenvolverase do seguinte xeito:

A organización emitirá un informe para o departamento de Intervención no que se indicará as comparsas que participaron no evento e ca documentación presentada no momento da inscrición farase o pago por ingreso bancario.

En caso de faltar documentación, poderá presentarse como máximo ata o 28 de febreiro (en caso contrario entenderase que renuncia ao seu cobramento).

12.- As comparsas participarán no pasacalles que terá lugar o Martes de Carnaval. Reuniranse na Avenida de Raxoi ás 18:30 onde se indicará o orden de participación de acordo as necesidades de produción de cada unha, para un correcto desenvolvemento das diferentes actuacións. Finalizado o proceso de distribución das comparsas, sairán da Alameda ás 19:00 horas ata a Praza Real, seguindo o seguinte traxecto: Corredoira das Virtudes - Rúa San Agustín - Avda. Saavedra Meneses - Praza de España - Rúa Inmaculada - Praza do Conde - Rúa Couceiro Freixomil - Praza Real, sempre e cando as condicións climatolóxicas o permitan.

13.- Aquelas comparsas que non se encontren presentes no momento da entrega dos lugares que ocuparan na participación do concurso (punto 8), ocuparán o lugar designado pola organización.

14.- A Organización poderá descartar do concurso a aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban conductas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara o público como cara a organización.

15.- A composición do Xurado farase pública no taboleiro do Concello antes do mencionado evento.

16.- Calquer dúbida que poida xurdir na interpretación destas Bases, os membros da organización terán a potestade para resolvela.

17.- A inscrición neste concurso implica a aceptación destas Bases.

## ANEXO 1

## SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME DO ANO 2018

Don /Dona ..... ; con D.N.I.: .....  
 ....., teléfono de contacto nº: ....., móbil: ....., e domicilio en (Praza, Avda,  
 Rúa, etc) ....., nº ....., piso ....., letra ....., localidade .....  
 en nome e representación da comparsa ..... formada  
 por ..... membros.

Nº de instrumentos musicais e colocación dos instrumento como dos membros da comparsa no escenario .....  
 .....  
 .....

**Expón:**

1º - Que coñece e acepta as Bases que rexerán a participación das comparsas nos actos programados en Pontevedume con motivo do Entroido 2018.

2º - Que a comparsa que representa reúne todas e cada unha das condicións exisidas nas Bases.

**SOLICITA** participar no concursos de comparsas do Entroido 2018 de Pontevedume.

**Membros da Comparsa**

1º ..... DNI.: .....  
 2º ..... DNI.: .....  
 3º ..... DNI.: .....  
 4º ..... DNI.: .....  
 5º ..... DNI.: .....  
 6º ..... DNI.: .....  
 7º ..... DNI.: .....  
 8º ..... DNI.: .....  
 9º ..... DNI.: .....  
 10º ..... DNI.: .....  
 11º ..... DNI.: .....  
 12º ..... DNI.: .....  
 13º ..... DNI.: .....  
 14º ..... DNI.: .....  
 15º ..... DNI.: .....  
 16º ..... DNI.: .....  
 17º ..... DNI.: .....  
 18º ..... DNI.: .....  
 19º ..... DNI.: .....  
 20º ..... DNI.: .....

En Pontevedume, a      de      20

Asdo:

